

NÚCLEO DE FAMILIA E CAPITALISMO INDUSTRIAL

CARLOS ALLONES PÉREZ

Sociólogo

Palabras clave: *Familia; Capitalismo; Nai/fillo varón; Neuroloxía; Lingüística; Majorana; Xénero; Incesto; Edipo; Primoxenitura.*

Key words: *Family; Capitalism; Mother/son; Neurology; Linguistics; Majorana; Gender; Incest; Oedipus; Primogenitus.*

Resumo

A prolongación da infancia nas crías da nosa especie axiña reclamou toda a atención das femias, quedando só os machos ó cargo da caza. Esa división de funcións sociais ó longo de millóns de anos revolucionou as respectivas bioloxías, diferenciándoas ata o punto de que o sapiens, para poder sobrevivir, tivo que somete-la crianza do cachorro macho tamén ó dominio dos varóns, tivo que crea-los sistemas de parentesco, dos que a familia non é máis ca un caso particular. Pero agora o capitalismo industrial vai romper con todo isto, vai romper co tempo con tódolos modos anteriores de relacións heterosexuais e de crianza, e o animal humano terá que afrontar unha crise política e lingüística que non ten parangón na súa historia natural.

Abstract

Caring for human offsprings, or infans, very soon needed al female attention, so hunting was the to be monopolized by males. Throughout millions of years that functional division revolutionized their respective biologies, making them so unlike that in order to survive the Sapiens had to put the rearing of male infant under male rule and create the kinship systems where family is just a particular case. But now, the industrial capitalism is beginning to break everything up and, in the long run, will shatter every former kind of heterosexual and rearing social rela-

tionship and the human being will have to face a political and linguistic crisis without paragon in his natural history.

1. INTRODUCCIÓN

Investigar cos métodos da ciencia cómo é a relación social entre familia e capitalismo é sempre moi complicado, e é sempre moi ingrato.

Complicado, alomenos en aparencia, porque obriga a estudar como mínimo as sociedades industriais altamente capitalizadas nas que vivimos, as sociedades campesiñas europeas nas que vivían os nosos antigos, as tribos ou sociedades de parentesco que documenta a Antropoloxía. Porque obriga, tamén, a falar de bioloxía humana, en particular daqueles aspectos da bioloxía do macho, da femia e da cría da nosa especie que os fai singulares entre tódalas demais especies de primates...

Só entón se está en condicións de lanzar un diagnóstico sobre o futuro do núcleo de familia baixo o impacto do capitalismo industrial, diagnóstico que terá que ser, en calquera caso, comprobado ou desmentido empiricamente cos métodos propios da socioloxía.

E é, dende logo, ingrato para o que o fai porque esa relación entre familia e capitalismo excita os prexuízos ideolóxicos máis arraigados da Esquerda e da Dereita política: a Esquerda non quere recoñecer que a familia é unha institución natural; a Dereita non quere recoñecer que o progreso do capitalismo industrial, a longo prazo, destrúe a familia.

2. NÚCLEO DE FAMILIA

Para entendermos como eran as relacións familiares tradicionais, como era *a vida de familia* antigamente, situémonos coa imaxinación na España de hai 100 anos, a España que cando nenos coñeceron os nosos avós.

Cada casa era daquela unha peza clave do mecanismo social, porque era o lugar onde o núcleo de cada familia acertaba a reproducirse xeración tras xeración igual a si mesmo.

¿E como o lograba? a base, forzosamente, de dous tipos de relacións:

Unhas de produción de cousas, ocupándose os membros da familia naquelas artesanías tradicionais escasamente mecanizadas, agrícolas, gandeiras, mariñeiras, que mal que ben permitían atende-la súa alimentación e subsistencia.

E outras, de crianza de persoas, de educación dos nenos, que diferenciaban segundo o sexo: a dos varóns para o mando da casa na que naceron, de modo que souberan sacrificarse o día de maná para garantir a calquera prezo a súa continuidade. A das femias, para ofrece-lo seu seo, a súa maternidade, a súa actividade a outra familia, pois esta en realidade nunca será a súa propia.


Un costume social, estendido, dominaba a transición xeracional, acomodando xuridicamente ese momento sempre delicado: o primoxénito varón habería de *casar na casa*, o que quere dicir que a muller pasaba a residir coa familia do marido, quen, a diferenza dos seus irmáns, recibía como MELLORA a casa e aqueles medios materiais que se sabían capaces de facela autosuficiente.

Cando o novo matrimonio tiña, á súa vez, un fillo varón formábase entón o grupo que pasaba a ser dentro da casa o *novo* núcleo da familia: a parte máis pequena e indivisa capaz por ela mesma de articular a todos —avós, irmáns solteiros, tíos solteiros, curmáns orfos, criados, etc.— ó bo fin da súa reprodución¹.

Segundo isto podemos debuxa-lo esqueleto desas *relacións patriarcais* que, en efecto, comandaban a sociedade de hai cen anos (figura 1).

Enténdase ben que, segundo o costume, o primoxénito casado na casa non era en absoluto

un propietario que puidera dispoñer dela libremente, senón nada máis ca un usufructuario da mesma, obrigado como estaba non só a alimentar e acubilla-las demais persoas non principais da familia, senón tamén a mante-lo seu bo nome e patrimonio, que había de legar, alomenos enteiro, ó seu fillo cando, á súa vez, formase a súa familia, como conviña ó bo goberno de toda a institución.



(Para interpreta-lo debuxo, esqueza o lector os símbolos que son de uso convencional nos estudos de parentesco que fai a Antropoloxía).

Figura 1

Neste sentido, compréndese por que nalgunhas zonas da costa en Galicia se aplica invertido ese esquema patriarcal, pois nelas é costume que sexa a filla maior e non o varón a que sexa mellorada e casada na casa, por incorporación do marido, para que este, aínda arriscando a súa vida no mar tódolos días, non poña nunca en perigo a casa onde o seu fillo se cría. Pero máis adiante veremos que esa inversión o é só en *aparencia*, pois cae dentro do sistema xeral do parentesco.

A vida en familia ten de seu un sentido que é relixioso, un sentido que o cristianismo en Occidente soubo cultivar: a memoria dos *descoñecidos* que xa se foron, o sacrificio polos *descoñecidos* que han vir...

3. CAPITALISMO INDUSTRIAL

Pero deixémo-lo pasado, un pasado que xa non ha volver, e mirémo-lo día de hoxe, ó noso arredor, ¿e que é o que vemos?...

Homes e mulleres, novos e menos novos, todos por igual se afanan traballando en empre-

sas industriais, grandes ou pequenas, dedicadas a isto ou ó outro.

Só por cinguirme á zona do Barbanza, onde vivo, e citando de memoria, temos fábricas de parqué, de mobles; de productos lácteos, téxtiles, peles; fábricas e carpinterías de aluminio; talleres de automóviles, de maquinaria agrícola, naval, industrial; fábricas de conservas, de salgadura de peixes; estaleiros de barcos; barcos de pesca, de baixura e de altura; fábricas de conxelados, de productos cárnicos; empresas de construción, de materiais de construción; axencias inmobiliarias; tendas de electrodomésticos; discotecas; hoteis; supermercados; boutiques; autoescolas; xestorías; novas estradas e obras públicas; escolas, institutos, universidades; hospitais; emisoras de radio e televisión; periódicos; administracións estatais, autonómicas, locais; bancos; seguros; ferrocarrís; avións; gasolineras; tendas de electrónica, de informática, etc.

E xorde a pregunta ¿por que todas esas persoas abandonaron aquelas artesanías domésticas coas que os seus pais e avós antigamente lograban a autosuficiencia das súas casas?

A resposta é obvia: vendendo a súa propia forza de traballo ó que máis pague ou, mellor aínda, comprando a de cantos máis mellor o máis barato posible, participando, en fin, na produción e venda mecanizada de mercadorías, conséguense unhas riquezas que nin sequera se soñaban nas casas sinaladas das antigas aldeas.

Claro que esa riqueza non é a mesma para todos pois, como moi ben explicou Carlos Marx hai xa 150 anos, a ganancia verdadeira cae sempre do lado do que compra a forza de traballo *dos demais*, e nunca do que vende a propia... ¡Pero non importa! aínda así ámbalas dúas partes están moi interesadas en manter esas empresas industriais de finalidade capitalista... porque, é sabido, 'o campo non dá'.

¡Salvo que el tamén se mecanice! que iso é o que acaba por ocorrer. En efecto, esas producións capitalistas por *medios* industriais, ou industriais con *fins* capitalistas, que o mesmo dá, non son como os vellos oficios ou producións, cíclicas ou tradicionais, senón, moi ó contrario, progresivas ou modernas, polo que van descantando a todas aquelas artesanías, incluída a máis antiga de todas, a agricultura

doméstica, que terminan desaparecendo por non ser competitivas.

Tanto é así que nas sociedades altamente capitalizadas o Estado avense a distribuír un *salario ficticio* entre os que están no PARO: individuos desposuídos de todo medio propio de subsistencia e que non atopan tampouco onde vende-la súa forza de traballo.

Pero ese monopolio nas relacións de produción fai que o capitalismo industrial estenda as súas condicións e a súa mentalidade ó resto da sociedade, alcanzando tamén o dominio das demais relacións sociais, incluídas as de crianza.

¿E que condicións son esas?, pois que a compravenda de forza de traballo non fai distincións de idade e de sexo. Non se trata de que a muller que queira *poida* traballar como o fan os homes, senón, máis ben, de que a partir de agora *ten* que facelo: unha ama de casa, unha nai de familia que non traballa, é para esta sociedade, que se sabe capitalista, un parado máis, un cero á esquerda, un paria como quen di, ou sexa, *nothing*...

¿E que mentalidade é esa?, aquela que, tomando *para todo* o modelo do que ocorre nun intercambio mercantil, afirma que todos somos iguais, pois todos estamos por igual obrigados a participar na compravenda de forza de traballo... O cal é certo, pero *estende* sen darse de conta esa interpretación ó ámbito das relacións sexuais e de crianza, onde tamén temos que aprender a vernos e *estarmos* como iguais: non hai diferencias entre o home e a muller, ¡iso eran tempos!, tan só prexuízos relixiosos, condenados a desaparecer, como a mesma sociedade que os creaba².

Si, é verdade, 'os rapaces de hoxe non queren relixión', pasan en cambio tres ou catro horas cada día diante da televisión, vendo os TOP 40, o Príncipe de Bel-Air, Sensación de Vivir, California Dreams, interpretando coas súas poderosas cabeciñas os problemas e as solucións da sociedade americana, esa mesma sociedade que no traballo dos seus pais se vai creando tamén aquí, pouco a pouco e día a día.

E fan ben, e non hai nada que dicirlles, pois esa é a sociedade onde o día de mañán

terán que buscar un oco *se queren* sobrevivir.

4. BIOLOXÍA HUMANA E PARENTESCO

"O home daqueles tempos se mirase pasar unha bicicleta a 30 kilómetros por hora, vería xirar todos e cada un dos radios das súas rodas". C. Alonso del Real, 1961.

As relacións sexuais e de crianza baixo dominio político varonil é o mecanismo social básico que a Antropoloxía atopa en *tódalas* tribos ou sociedades primitivas que estudiou.

O intercambio de mulleres entre grupos dominantes de varóns e a crianza dos seus infantes subordinados ós mesmos constitúen a estrutura básica das relacións persoais nesas sociedades, que por iso mesmo deben chamarse, con razón, de parentesco.

Pouco importa quen exerce ou representa o dominio colectivo dos varóns sobre a femia que cría: en moitas, é o irmán da nai; nalgunhas, un grupo de femias pertencentes a un mesmo liñaxe; noutras, os irmáns do varón proxenitor, pero *non* este, etc.

As nosas aldeas ibéricas e, en xeral, as sociedades campesiñas europeas, co seu réxime patriarcal baseado no núcleo de familia, non son senón *un caso particular* desas sociedades de parentesco, aquel no que o incremento da produtividade leva a que o representante político dese dominio colectivo de varóns sexa *precisamente* o varón proxenitor.

Xa digo que a Antropoloxía foi incapaz dende os seus comezos a mediados do século XIX de atopar unha soa excepción a este sistema *universal* de parentesco, no que os varóns intercambian femias que crían baixo o seu dominio político³.

¿Pero por que este sistema é universal? ¿Que hai na bioloxía do animal humano que fai que *só el* entre tódolos primates o adoptara?

É certo que nas sociedades de monos e simios o macho posúe ou retén á femia ¡pero faino despois de impoñerse *pola forza* ós demais

machos!... En canto ás crías, non lle interesan en absoluto...

Mentres que entre nós o macho *recibe* á femia dos seus iguais a través dun intercambio, e da que as crías, polo mesmo acto, quedan tamén baixo o seu dominio.

¿Que características biolóxicas ten o macho, a femia, a cría humana que non teñen as outras especies de primates? ¿Esas peculiaridades biolóxicas fan necesario para a súa supervivencia, ou cando menos o fixeron no pasado, a súa organización universal en parentesco?

Si, existen características diferenciais do animal humano que non se dan nos demais primates, e nelas reside a súa necesidade do parentesco.

Por empezar pola principal e máis obvia, a cría da nosa especie é a máis *inacabada* que dá a natureza. Provista dun cerebro do que a función por instinto é o uso de palabras, necesita, sen embargo, de alomenos dous anos para aprender a falar, e é incapaz de valerse por ela mesma na sociedade ata moito máis adiante. De feito, o cerebro humano ten ó nacer o 23% do seu tamaño definitivo, e remata o seu crecemento ós vintetantos anos, e só daquela alcanza o individuo da nosa especie a súa madurez lingüística (e política).

Nada de isto ocorre coas crías dos monos, que no seu hábitat conseguen ben axiña sobrevivir por elas mesmas.

En canto á femia da nosa especie é a única, non xa entre os primates, senón en todo o reino animal, que é activa ó longo de todo o ciclo sexual, ¡incluso despois de fecundada!, desdebuxándose nela os típicos sinais dos períodos de celo que presentan as femias dos demais mamíferos.

Dende logo, a orixe desa extraordinaria capacidade sexual ha ser explicada e tida en conta neste argumento.

Finalmente, diferencio o macho da nosa especie dos das outras especies simias pola súa única capacidade de coordinarse e entenderse cos seus iguais, os outros machos, ¡ata o extremo inaudito na natureza de intercambiarse as femias entre eles!... ¡Algo que non deixou de inquietar ó propio Darwin duante toda a súa vida⁴!

Pero se queremos entender porque esas singularidades biolóxicas do macho, a femia e a cría humana reclaman ou fan necesaria a crianza do infante pola femia nai baixo o dominio colectivo dos machos, temos que referirnos ó modo en que se relacionan entre eles, ó modo no que chegaron a formarse.

Pois foi o feito de que a cría da nosa especie nacesse tan inacabada ou infantil o que provocou, xa dende as orixes das sociedades de homínidos, unha división *natural* de funcións entre os machos e as femias.

A duración da infancia forzou á femia a prolongar en igual medida as atencións á súa cría, ensaiando formas *colectivas* de crianza, onde as femias en período de xestación ou de lactancia, os vellos e os mozos enfermos non aptos para a caza estarían conxuntamente ó cargo das crías aínda inválidas para a vida en sociedade.

Isto deixaba ós machos adultos dedicados *en exclusiva* á caza, tendo que lograr alimentos non só para eles, senón tamén para as femias e as súas crías que, por esa dependencia na alimentación, e na defensa e na reprodución, pasaron a ocupar unha posición moi subordinada, *sen parangón* nas demais sociedades de primates.

Durante millóns de anos estas formas colectivas de crianza foron facendo á femia da especie no hábito político e lingüístico do trato co infante,

Oli

mentres que, ó tempo, o macho se facía na dedicación continua á caza, agora privilexio exclusivo *seu* e dos seus *iguais*, os outros machos, progresando no hábito político e lingüístico da súa coordinación con eles,

Δ/Δ

Chámolle *natural* a esta división de funcións por tres motivos, principalmente: o primeiro, porque é consecuencia da natureza lingüística que estaba adquirindo o cerebro da especie, polo tanto, dunha transformación xenética; o segundo, porque xa nas sociedades de primates se observa que a exploración é cousa dos machos mozos,

mentres que a crianza, como polo demais en tódalas especies de mamíferos, é cousa das femias; e o terceiro, pola súa grande eficacia reproductiva, pois esta disciplina da división de funcións permitiulle, xa hai 500.000 anos, a unha variedade do homo, o *erectus*, estenderse por todo o Vello Mundo e señorea-la terra.

Pero a inmadurez lingüística do individuo da especie continuou prolongándose máis e máis, afectándolle agora de modo diferente á bioloxía das femias e dos machos, xa que levaban modos de vida diferentes.

Como as femias estaban centradas no trato cos infantes, sufriron unha explosión da súa actividade sexual, que se volveu totalmente independente dos seus períodos de fertilidade, distraendo, sobre todo cando novas, a súa suxeición á crianza. Mentres que nos machos esa infantilización é certo que fixo progresar en moito as posibilidades de coordinación cos outros machos, a madurez lingüística atrasábase tanto que, cando novos, se daban a prácticas de violencia e sedición contra os seus iguais adultos, que eran os que dende *sempre* mandaban, protexían e alimentaban a horda.

Foi por iso polo que as formas colectivas de crianza —os grupos de femias ó cargo conxunto e indiscriminado dos seus infantes— foron volvéndose máis e máis incapaces de cumprir a súa función educativa, *precisamente* en tanto que colectivas, máis e máis ineficaces para dominar as bandadas numerosas de machos rebeldes e femias promiscuas que, desafiando abertamente cando novos ou cachorros a disciplina adulta da caza e da crianza, facían moi difícil a división natural de función que *ata entón* permitira sobrevivir.

Entón os machos adultos que controlaban a caza tomaron *colectivamente* unha decisión e impuxeron *entre todos*, pola forza: pecharon as femias coas súas crías, distribuíndoas entre os seus territorios ou dominios.

Buscaban con iso un dobre obxectivo: en primeiro lugar, suxeitaban a sexualidade das femias á crianza, prohibindo *a morte* todo tipo de práctica en contrario,

$\Delta/O \Leftrightarrow Oli$

e, en segundo lugar, e moito máis importante,

garantían que, a partir de agora, o varón xa dende infante íase criar baixo o dominio político dos seus iguais adultos,

$$O!i_{\Delta} \Leftrightarrow \Delta!i_{\Delta}$$

[o signo de dobre implicación '↔' úsase en lóxica matemática para sinalar que a existencia do segundo membro é condición necesaria e suficiente da existencia do primeiro].

Tratábase así de restaurar, a un novo nivel *biolóxico* máis sofisticado e completo, a vella disciplina do trato obrigado co infante para as femias e a coordinación obrigada cos seus iguais para os machos, en tanto se viu ameazada pola inusitada inmadurez lingüística do individuo da especie⁵...

Claro que ás femias e ós seus cachorros non lles facía ningunha gracia perder dun só golpe a parcela de poder que tiñan na sociedade, a crianza en común, e a liberdade sexual da que ata daquela gozaran...

De modo que se deron conxuntamente á rebelión contra os machos adultos, que non contentos, como ata agora, con domina-la produción, querían, tamén á forza, domina-la sexualidade e a crianza.

E non se lles ocorreu ás femias-Nai mellor maneira de rebelarse que promover *no posible* relacións sexuais frecuentes cos seus propios cachorros machos, coa intención política de ofender *dobremente* desa maneira a orde que querían impoñe-los machos adultos: por ter lugar esas relacións baixo mando da femia e por ter lugar cun menor, provocando de seguro a violencia entre os machos.

A morte polos machos adultos da nai incestuosa, que a Antropoloxía documenta como *universal*, é só o castigo que corresponde en boa lóxica ó atentado máis certo, dende o punto de vista *simbólico*, que as femias nai tiñan nas súas mans contra a orde que eses mesmos machos pola forza impoñen e representan⁶.

Só os *erectus*, que hai máis ou menos 500.000 anos adoptaron este sistema maternofilial de crianza baixo dominio varonil, lograron sobrevivir evolucionando ó *sapiens*.

Pois o hábito político da prohibición a morte do incesto, practicado durante decenas de

miles de xeracións, prolongou aínda máis a inmadurez do *sapiens* —ata *crear* ese período da vida do individuo humano que hoxe coñecemos como a adolescencia—; pero tamén fixo ó macho *sapiens* lingüisticamente *capaz* de criarse coas súas irmás e cedelas, *sen embargo*, en intercambio..., e á femia *sapiens* lingüisticamente *capaz* de *avirse* a esa cesión⁷.

EN RESUMO, a prolongación extraordinaria da inmadurez lingüística no animal humano obrigou á especie, hai máis ou menos 500.000 anos, a adoptar-los sistemas de crianza maternofilial baixo dominio colectivo varonil, co fin de *restaurar*, a outro nivel biolóxico, a división natural de funcións entre machos e femias que ata entón fixera a especie.

Baixo a prohibición do incesto, que a Antropoloxía documenta como universal, prodúcese a evolución ó *sapiens*: un animal humano que alcanza a madurez lingüística ó tempo que a sexual, ou *non alcanza ningunha das dúas*⁸...

Por iso, acerta Margaret Mead cando di que a protección dos adolescentes 'é un problema que toda sociedade humana ten que resolver'.

¡E *aí* é onde erra o capitalismo!

5. O FUTURO DA FAMILIA BAIXO O CAPITALISMO

En efecto, o capitalismo industrial *no seu progreso* atenta frontalmente contra este sistema de crianza maternofilial baixo dominio varonil (no seu caso, patriarcal), que era o mecanismo básico de reprodución de calquera sociedade tradicional.

E faino de dúas maneiras:

1) Baixo o seu réxime, e por primeira vez na historia da especie, a femia pode criar libre de *todo* dominio de varón.

A sociedade permítelle facelo, na súa condición de compradora ou vendedora de forza de traballo; a súa mentalidade quizais a anime a iso, pois esa mentalidade, como sabemos, é só unha extensión *inconsciente* á crianza da igualdade mercantil que despreza, ou directamente ignora, os vínculos naturais entre os sexos e as idades do *sapiens*; finalmente, a lei do DIVORCIO, fallando sistematicamente a custodia ó seu

favor, lexitima en tódalas sociedades altamente capitalizadas a súa decisión.

Pero o que importa non é tanto que a femia nai separe ó infante varón do seu proxenitor do mesmo sexo, canto que *poida* facelo, pois a partir de aí as relacións sexuais de homes e mulleres xóganse fatalmente dende esa posición política revolucionaria⁹.

2) Logo ese réxime non atopa razóns para ata-la sexualidade da femia adolescente á crianza.

De aí que os anticonceptivos e o ABORTO sexan legais en tódalas sociedades democratizadas e, ademais, que a cultura que *xeran* esas sociedades, que é *a propia* desas sociedades, promova en moito o seu uso.

En efecto, todo un sector do mercado, aquel precisamente dirixido ó consumo dos adolescentes, xira moi claramente en torno á música *rock*... ¿Pero que é o *rock and roll*, senón, *precisamente*, a expresión a penas lingüística da inmadureza sexual dos nosos adolescentes?

Non debe sorprendernos entón que eles, que a penas se mobilizan por ningún outro motivo, acudan, sen embargo, por decenas de miles a escoitala nos concertos, pero tamén nas discotecas, nos ximnasios, nas tendas de roupa deportiva, nos vídeos musicais..., incluso hai un canal, MTV, dedicado integramente á súa difusión *vía satélite* entre os nosos novos *sapiens*.

Si, todo en fin, nos leva a recoñecer de *plano*, como eles fan, que o rock, as drogas, o sexo son, en efecto, a manifestación *máis xenuina* desta cultura capitalista na que naceron e han morre-los nosos fillos.

Xorden, por todo iso, formas *excéntricas* de relacións sexuais e de crianza: parellas de asalariados *que van pola parelliña (?)*, parellas que non crían, nais que crían soas, segundos matrimonios con fillos propios e de anteriores matrimonios, homes e mulleres *solitarios*, pais homosexuais (!), etc.

Porque, naturalmente, o impacto do capitalismo industrial nas sociedades tradicionais maniféstase, en *termos estatísticos*, na dificultade que ten o núcleo de familia para alcanzar nelas a súa cíclica reprodución.

Esas relacións sexuais e de crianza serán

todo o que se queira, pero se queremos falar con propiedade, que ese é sempre o afán da ciencia, temos que dicir que cada vez son *menos* familiares, pois nelas pouco a pouco, ou moito a moito, está desaparecendo o dominio patriarcal.

E a cousa non fixo máis ca empezar; pensemos no que pode ser dentro de 7 ou 9 xeracións, por non ir moi lonxe, cando se teña formado un auténtico mercado mundial, capaz de subordinar de verdade tódalas producións planetarias...

A enfermidade, e por iso é tan grave, aféctalle á disciplina política e ó sentido lingüístico da familia, e por iso o mal esténdese dende esa base *esencial* para a maduración do *sapiens* a *tódalas* demáis relacións sociais¹⁰.

6. ESTADISTICAMENTE FALANDO

Pero deixémo-lo futuro e veñamos ó noso presente, aquí e agora:

"No Reino Unido case unha de cada cinco familias está divorciada, fronte a unha de cada sete en Dinamarca, unha de cada oito en Alemaña e Francia, e unha de cada vinte en Grecia, España e Italia¹¹...".

En efecto, a debilidade do noso capitalismo periférico, xunto coa fortaleza das sociedades patriarcais e da cultura católica entre nós, garanten aínda en moito a reprodución da familia entre os pobos ibéricos e, con iso, a realidade e a memoria das súas milenarias tradicións.

Catro índices numéricos poden servir para calcula-lo grao de desintegración estatística do núcleo de familia en *calquera* sociedade capitalizada:

- 1) Persistencia *ou non* do costume social da MELLORA nas decisións hereditarias.
- 2) Extensión da cobertura do PARO ou subsidio de desemprego.
- 3) Taxa de DIVORCIO con fillos.
- 4) Taxa de ABORTO legal entre adolescentes¹².

Para rematarmos, digamos que todos nós, occidentais, vivimos inmersos nesta contradición: a nosa natureza *sapiens* inclínanos na

madurez á formación de familias, pero para iso temos que participar na compravenda de forza de traballo e na cultura que lle é propia: un modo de produción e unha cultura que fatalmente impide e ignora ou despreza *cada día máis* esa institución.

Tamén ocorre que nesa construción do núcleo de familia, *malia* a dedicación de cada un dos seus membros ó capitalismo industrial, homes e mulleres experimentan a posibilidade de construír xuntos unhas relacións de produción industrial, si, pero *non* capitalista...

Só entón as relacións sexuais e de crianza se expresarán en *liberdade*, sen formas políticas familiares *obrigadas* como antes pola prohibición do incesto, nin *prohibidas* como agora pola compravenda de forza de traballo...

¡O que sería a única solución *política*, isto é, *colectiva*, a esa contradicción!

ADDENDA

A función lingüística, a capacidade de falar, que é instintiva pero non innata no animal humano, é o modelo por antonomasia do que é para este unha función natural.

O individuo da especie herda ó nacer un órgano, o seu cerebro, que o inclina por instinto ó uso de palabras, pero ese instinto, se non se exercita, nunca chegará a entrar en funcionamento.

Os nenos cimarróns, que por azar sobreviven nos bosques separados do trato dos seus semellantes, non aprenden a falar, permanecendo nun estado lamentable, nin animal nin humano, que é contra naturam.

De parecida maneira, aínda que non exactamente polo mesmo, a femia que non cría, ou o macho que se cría illado dos seus iguais, non alcanza tampouco a eficacia política e sentimental que xeneticamente na súa madurez lles corresponde.

O estudio do cerebro humano, da relación entre neuronas e palabras, está na encrucillada das ciencias naturais e humanas, concretamente da neuroloxía e da lingüística e non é, a Deus gracias, competencia da Socioloxía, á que nós nos dedicamos.

Pero hai algo que esas ciencias no seu día

han de demostrar, que nós xa dende agora podemos deducir, e é que cando descubran a forma de relación entre neuronas e palabras no animal humano descubrirán tamén que o contido desa relación é diferente no macho e na femia da especie...

NOTAS

1. En canto á súa función de fillo na familia, *ego* (o elixido herdeiro) débelle ó seu pai obediencia e respecto filial. Pero en canto á súa función de *etxejojaun*, *ego* é a primeira autoridade do grupo doméstico e adopta as decisións económicas que afectan ó benestar do casarío... *Ego* recibe a propiedade do casarío non á morte do anterior propietario, senón no momento do seu matrimonio (W.A. Douglas, 1970).
2. A compravenda de mercadorías é, en realidade, o verdadeiro paraíso dos dereitos do home. Dentro destes lindeiros, só reinan a liberdade, a igualdade, a propiedade e Bentham. A liberdade, pois o comprador e o vendedor dunha mercadoría, v.gr. da forza de traballo, non obedecen a máis lei que a da súa libre vontade. A igualdade, pois compradores e vendedores só contratan como posuidores de mercadorías, cambiando equivalente por equivalente. A propiedade, pois cadaquen dispón e só pode dispoñer do que é seu. E Bentham, pois a cantos interveñen nestes actos só os move o seu interese (Marx).
3. O caso contrario, o *matriarcado*, esas sociedades, presuntamente gobernadas polas mulleres que os primeiros autores creron ver encarnadas nas formacións sociais matrilineais porque nelas a filiación se trazaba por vía feminina, non existiron máis que na memoria mitolóxica das sociedades ou na imaxinación dos primeiros etnólogos e historiadores do dereito familiar (A. Burguière *et al.*, 1988).
4. Non deberon perder parcialmente nesa época (moi remota) o máis arraigado de tódolos instintos, común a tódolos animais inferiores, a saber, o amor á súa prole, por consecuencia, non practicaron o infanticidio feminino. As femias non ían ser escasas, e a poliandria non entrou nos seus hábitos, pois en realidade, a penas se comprende ningunha outra causa, como non sexa a falta de mulleres, capaz de destruír un sentimento tan vivo e xeral como o dos celos e o desexo de todo

- macho de ter para si unha soa femia (Darwin, 1979).
5. Máis alá da disimetría do factor masculino e do factor feminino, asístese a unha especie de transposición, se se comparan as colectividades humanas coas colectividades de primates ou cos primeiros homínidos. Nestes últimos, os machos novos representaban un remanente, rexeitado cara á periferia do grupo, condenado a desaparecer con prioridade. A *cinexetización* valorízalos porque se fan indispensables e se lles dá un poder inestimable de negociación cos adultos (Moscovici, 1975).
Se os papeis educativos dos homes e das mulleres non estiveran completos, sobre todo no tocante á formación dos *rapaces* —e creo que é principalmente a causa deles polo que se establece o vínculo conxugal—, se non houbera unha relación previa fundada sobre outra base, a prolongación do período de dependencia con respecto á nai, induciría simplemente a un reforzamento dos lazos con ela, a unha consolidación da parella nuclear (femia/infante). A inserción do macho nesta parella debeu ser un dos primeiros problemas que houbo que resolver (Moscovici, 1975) [as cursivas son nosas].
 6. Hai que salientar que nas formas colectivas de crianza anteriores á solución maternofílica da mesma, esa relación sexual entre o macho e a femia que o pariu tiña lugar de forma aleatoria, sen significación política ningunha, e non era, polo tanto, castigada...
 7. O xurdimento do pensamento simbólico debía esixir que as mulleres, así como as palabras, fosen obxectos intercambiábeis. En efecto, nese novo caso, era o único medio de supera-la contradicción que facía percibir á mesma muller baixo dous aspectos incompatibles: como obxecto de desexo propio e, polo tanto, excitante dos instintos sexuais e de apropiación e, ó mesmo tempo, suxeito, percibido como tal, do desexo alio; isto é, medio de vincularse con el ó aliarse con el (Levi-Strauss, 1993).
 8. Cando estudíamo-las relacións fronte ós traumas precoces, moitas veces quedamos sorprendidos ó comprobar que aquelas non se axustan á propia vivencia do suxeito, senón que se afastan desta dunha forma que concorda moito máis co modelo dun suceso filoxenético e que, en xeral, só é posible explicar pola influencia deste. A conducta do neno neurótico fronte ós seus pais, nos *complexos de Edipo e de castración*, está colmada desas reaccións, que parecen individualmente inxustificadas e que só filoxeneticamente se tornan comprensibles; isto é, por medio da súa vinculación con vivencias de xeracións anteriores. Con isto ampliamos significativamente a extensión e a importancia da herdanza arcaica (Freud, 1937).
 9. Para garanti-la incorporación da muller en igualdade de condicións (que o home) ó mercado de traballo... non podemos privala do dereito ó aborto (Sentencia do Tribunal Supremo dos EE. UU, 1992).
 10. Dende os anos sesenta e primeiros setenta, os occidentais estamos vivindo unha sismica explosión colectiva do antigo réxime patriarcal/nacional fundado sobre o tabú (patriarcal) do incesto. O novo réxime da doméstica privacidade das relacións eróticas lexítimas e a intimidade familiar posible emerxe sobre as fisuras desta revolucionaria metamorfose do fundamento nuclear da orde social occidental. Un novo réxime que non significa xa a abolición do vello, senón a súa estereofónica metamorfose emerxendo sobre unha notable pluralidade de alternativas 'domésticas' e 'familiares', coherentes coas novas formas relacionais de amizade, vecindade e alianza propias dos sobreurbanizados e tecnoavanzados occidentais (Moya, 1984).
Os propios mecanismos da reprodución social deveñen mecanismos colectivos do cambio social cando a ambivalente relación entre rapaces e adultos estala en cronificado e masivo conflito interxeracional (Moya, 1984).
 11. "Family values", *The Economist*, 19/09/92. Londres.
 12. A desintegración dun átomo é un feito simple, imprevisible, que sucede improvisadamente e illadamente despois dunha espera ás veces de miles e ata millóns de anos, mentres nada semellante ocorre nos feitos rexistrados polas estatísticas sociais. Esta non é, sen embargo, unha obxección insuperable.
A desintegración dun átomo radiactivo pode obrigar a un contador automático a rexistralo cun efecto mecánico provisto dunha amplificación adecuada. Abundan entón artificios comúns de laboratorio para preparar dunha forma ou doutra unha cadea vistosa e complexa de fenómenos que

sexa gobernada pola desintegración accidental dun só átomo radiactivo. Non existe nada dende o punto de vista estrictamente científico que impida considerar como plausible que na orixe dos acontecementos humanos poida atoparse un feito vital, igualmente simple, invisible e imprevisible. Se isto é así, como nós cremos, as leis estatísticas das ciencias sociais ven incrementadas o seu papel, que non é só aquel de establecer empiricamente o resultado dun gran número de causas descoñecidas, senón, sobre todo, o de dar da realidade unha testemuña concreta e inmediata, cunha interpretación que require unha arte especial, non precisamente secundaria na arte do goberno (Majorana, 1936).

BIBLIOGRAFÍA

- BURGUIÈRE, A. *et al.* (1988): *Historia de la familia*, tomos I e II, p. 55. Madrid: Alianza.
- DARWIN, CH. (1979): *El origen del hombre*, p. 493. EDAF.
- DOUGLAS, W.A. (1970): *Muerte en Murélagu. El contexto de la muerte en el País Vasco*, pp. 111-112. Barcelona: Barral.
- "Family Values", *The Economist*, (19/09/92). Londres.
- FREUD, S. (1937): *Últimos escritos*. Madrid: Alianza. (1976).
- LEVI-STRAUSS (1993): *Las estructuras elementales del parentesco*, p. 574. Sarpe.
- MAJORANA (1936): "El valor de las leyes estadísticas en la física y en las ciencias sociales", *Revista de Occidente*. (Traducción do italiano de Ramón Reboiras).
- MARX, K.: *El capital*. México: FCE.
- MOYA (1984): "Identidad colectiva: un programa de investigación científica", *Reis*, N. 25, (xaneiro-marzo), p. 29, (separata).
- MOSCOVICI (1975): *Sociedad contra natura*, p. 193 e 200. Siglo XXI.
- TRIBUNAL SUPREMO DOS EE.UU (1992): *Sentencia do 24 de xullo de 1992*.